



Concello de Mugaros  
A Coruña

**INFORME EMITIDO POR ARÁNZAZU PARDO GUILLÁN E M<sup>a</sup> ISABEL RÍOS PAZ,  
TRABALLADORAS SOCIAIS DOS SsSs COMUNITARIOS.**

**DIRIXIDO A: SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS**

**MOTIVO DO INFORME: PROPOSTA DO NOVO REGULAMENTO DE PRESTACIÓNS SOCIAIS E  
ECONÓMICAS DO CONCELLO DE MUGARDOS**

O Departamento de Servizos Sociais do Concello de Mugaros leva anos regulando distintos recursos para facer fronte a situacións de desprotección que non son cubertas por ningunha outra administración pública.

O último regulamento de prestación económica dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Mugaros data do ano 2013. Despois de 10 anos, síntese a necesidade de elaborar un novo documento regulador que garanta, con maior fortaleza e axilidade, a capacidade de resposta desde a Administración local na cobertura das necesidades básicas dos seus veciños e veciñas.

Dende o mes de xaneiro de 2022, no final da emisión das tarxetas moedeiro, xa indicamos a necesidade de realizar cambios no regulamento e cambio no formato de vale municipal: ....” ben certo que non procedería a continuidade destas axudas, especialmente os vales municipais xa que existe un regulamento de prestacións municipais que ante a posibilidade de continuidade destes vales se precisaría reformular. Así mesmo, este é un sistema que dificulta o control/impedimento no acceso a determinados produto, e, por outra banda resulta unha práctica estigmatizante e excluínte cara as persoas beneficiarias desta axuda.....Cara a unha normalización no espazo destas axudas, así como a defensa da dignidade das persoas considero que o concello debería dar un paso e promover convenio/s cos restablecementos de alimentación tarxetas de gasto.”

Por todo o anteriormente exposto, **informamos** da necesidade da modificación do regulamento vixente e propoñemos un documento con novas bases.

Asinado polas traballadoras sociais no día indicado no panel de sinaturas

